



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 2019/2, ORDINARIA, REALIZADA O LUNS 01 DE ABRIL DE 2019 .

### **ASISTENTES**

#### **Presidente:**

Sr. Alcalde JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO (PP)

#### **Concelleiros/as:**

##### **Grupo municipal do PP**

MARGARITA RAMILO VARELA

FLORINDA DUARTE GERPE (Incorpórase á sesión ás 12:06 horas)

CARLOS BARBEITO REY

JOSE MANUEL MONTES MARTINEZ

RUBEN REGUEIRA MOAR

ALFONSO GARCIA GONZALEZ

##### **Grupo municipal do PSdeG-PSOE**

PABLO COUTO LOPEZ

JESUS JAVIER CETINA MOCHALES

JOSE FRANCISCO ORGEIRA CAMPELO

PATRICIA BLANCO FIDALGO

#### **Interventora do Concello**

NOEMI GONZALEZ MATO

#### **Secretario do Concello:**

DIEGO GARCIA DOVAL

### **NON ASISTEN**

CANDELA RODRIGUEZ LADO (PSdeG-PSOE)

CESAR MANUEL BERGONDO TRILLO (Grupo mixto-ACC/SON) (Excusa a súa ausencia)

**HORA DE INICIO:** 12:04

**HORA DE REMATE:** 12:19

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:04 do luns 01 de abril de 2019, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 27 de marzo de 2019 e segundo acordo plenario do 9 de xullo de 2015, polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno [e tendo en conta que, segundo o esixido no texto vixente do artigo 26.4 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, o día **1 de abril** é o primeiro hábil no que se poderá convocar unha sesión plenaria para a realización do sorteo requirido para a designación das persoas que haberán de integrar as mesas que actuarán nas eleccións a Cortes Xerais convocadas para o 28 de abril de 2019, e en uso da facultade que me foi atribuída por medio do acordo plenario do 09 de xullo de 2015, para "(...) *adiantar ou adiar a realización da sesión, sen alterar o número delas que se deberán realizar durante o exercicio, para facilitar a asistencia dos/as membros da Corporación, no caso de coincidir con periodos vacacionais cuxas datas varían de ano a ano, ou por*



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

*necesidades de cumprimento de prazos polos acordos plenarios correspondentes nos expedientes en que se xustifique tal circunstancia.”], reúnense en sesión 2019/2, ordinaria, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte*

## ORDE DO DÍA

### Parte resolutiva da sesión

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior (1/2019, ordinaria, do 31 de xaneiro de 2019)
- 2.- Sorteo para a designación dos/as membros das mesas que haberán de actuar nas eleccións a Cortes Xerais do 28 de abril de 2019 (artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral).
- 3.-Proposta da Alcaldía ao Pleno de ratificación de decreto de corrección de erro aritmético, efectuado a requirimento da Deputación, no anexo III-b) , que afecta á solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2019”, da Deputación Provincial da Coruña.
- 4.-Proposta da Alcaldía ao Pleno de adhesión do Concello de Carral ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.
- 5.-Proposta da Alcaldía ao Pleno de delegación na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias do Concello de Carral relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía Local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais.

### Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

- 6.-Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 7.-Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 8.-Rogos e preguntas.

---

## PARTE RESOLUTIVA DA SESIÓN



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (1/2019, ORDINARIA, DO 31 DE XANEIRO DE 2019)

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 1/2019, ordinaria, do 31 de xaneiro de 2019.

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación a acta, e esta é aprobada, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron á sesión referida entre os presentes nesta .

## 2.- SORTEO PARA A DESIGNACIÓN DOS/AS MEMBROS DAS MESAS QUE HABERÁN DE ACTUAR NAS ELECCIÓNS A CORTES XERAIS DO 28 DE ABRIL DE 2019 (ARTIGO 26 DA LEI ORGÁNICA 5/1985, DO RÉXIME ELECTORAL XERAL).

[A señora Duarte Gerpe-grupo municipal do PP- incorpórase á sesión ás 12:06 horas e o señor Couto López-grupo municipal do PSdeG-PSOE abandona a sesión ás 12: 07 horas e reincorpórase ás 12:08 horas]

Reunido o Pleno do Concello para a realización do sorteo para a designación dos/as membros das mesas que haberán de actuar nas Eleccións a Cortes Xerais do 28 de abril de 2019, de acordo co artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, de Réxime Electoral Xeral, por asentamento decídese entregar unha listaxe do resultado a cada un dos grupos que compoñen a Corporación en lugar de lelas de viva voz.

En uso dos sistemas informáticos cos arquivos do censo electoral e o programa fornecido pola Oficina do Censo Electoral para a realización do sorteo para a designación dos/as membros das mesas que haberán de actuar nas Eleccións a Cortes Xerais do 28 de abril de 2019, de acordo co artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, de Réxime Electoral Xeral, a listaxe resultante das persoas designadas para formar parte de cada unha das mesas electorais é a que segue (ademais sortéanse dous/dúas suplentes adicionais por cada titular, para substituír, no seu caso, ás persoas designadas que presenten excusas que sexan aceptadas pola Xunta Electoral de Zona da Coruña):

<b>Carral 01-001-U</b>	
PRESIDENTE	DANIEL BARREIRO LÓPEZ
PRESIDENTE 1º SUP	ALTAIR PIÑA INSUA
PRESIDENTE 2º SUP	SUSANA GUIMAREY GARCIA
1º VOGAL	ALEJANDRO ZAPATA PEREZ
1º VOGAL 1º SUP	JHOAN ALEXIS CABRERA TRINIDAD



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

1º VOGAL 2º SUP	DIEGO FARIÑA GRAIÑO
2º VOGAL	MARIA NURIA MARTINEZ MARQUEZ
2º VOGAL 1º SUP	JORGE GARCIA GARCIA
2º VOGAL 2º SUP	BETRIZ DOLDAN FERNANDEZ
3º SUPL PTE	MIRIAM BERMUDEZ CANDAL
4º SUPL PTE	FRANCISCO GESTO VARELA
3º SUPL 1º VOGAL	JOSE MANUEL PARIS GOMEZ
4º SUPL 1º VOGAL	HERMINDA MOLEDO SIEIRA
3º SUPL 2º VOGAL	ANDREA BARJA ESTEVEZ
4º SUPL 2º VOGAL	MARIA SOLEDAD RODRIGUEZ BARBEITO
<b>Carral 01-002-A</b>	
PRESIDENTE	ANA ISABEL VILLAVERDE LOPEZ
PRESIDENTE 1º SUP	M. PILAR CONDE PENAS
PRESIDENTE 2º SUP	MARIA CARMEN GARCIA FUENTES
1º VOGAL	BEATRIZ BOGA LOIS
1º VOGAL 1º SUP	M. CARMEN FERREIRO BOGA
1º VOGAL 2º SUP	MANUEL GENDE RIO
2º VOGAL	ALBERTO CASARES GARCIA
2º VOGAL 1º SUP	SILVIA SANZ SANCHEZ
2º VOGAL 2º SUP	JORGE TORREIRO BLANCO
3º SUPL PTE	HIPOLITO PEREZ SUAREZ
4º SUPL PTE	ALBERTO FERNANDEZ BRANDARIZ
3º SUPL 1º VOGAL	JUAN CARLOS FERREIRO BERMUDEZ
4º SUPL 1º VOGAL	ANA FERNANDEZ PEREZ
3º SUPL 2º VOGAL	JOSE MANUEL VARELA CALVIÑO
4º SUPL 2º VOGAL	MARIA ESTHER GARCIA LOPEZ
<b>Carral 01-002-B</b>	
PRESIDENTE	JAVIER BESTILLEIRO ORGEIRA
PRESIDENTE 1º SUP	CRISTINA ORGEIRA AMOR
PRESIDENTE 2º SUP	RUBEN JOSE SANCHEZ CANDAL
1º VOGAL	ANTONIO VARELA CALVIÑO
1º VOGAL 1º SUP	JOSE CANDAL BOUZAS
1º VOGAL 2º SUP	ALBERTO GENDE FIDALGO
2º VOGAL	MANUEL MOSQUERA CANDAL
2º VOGAL 1º SUP	ISOLINA RAÑA AREOSO
2º VOGAL 2º SUP	LUIS VILARIÑO BOTANA
3º SUPL PTE	MARIA JOSE GOMEZ BUSTO
4º SUPL PTE	DANIEL ORGEIRA GESTAL
3º SUPL 1º VOGAL	CARLOS BARBEITO REY
4º SUPL 1º VOGAL	JOSE M BOTANA CALVIÑO
3º SUPL 2º VOGAL	MARIA PARDO GARCIA
4º SUPL 2º VOGAL	ARGENTINO CAAMAÑO VILAS
<b>Carral 01-002-C</b>	
PRESIDENTE	MONICA GONZALEZ DEVESA
PRESIDENTE 1º SUP	JOSE MANUEL RODRIGUEZ REY




# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

PRESIDENTE 2º SUP	IVAN RODRIGUEZ MOURIÑO
1º VOGAL	MARIA DEL MAR PEREZ CAAMAÑO
1º VOGAL 1º SUP	MARIA DEL CARMEN LOPEZ RODRIGUEZ
1º VOGAL 2º SUP	MARIA DEL CARMEN SANCHEZ GESTAL
2º VOGAL	MIGUEL SANCHEZ GOMEZ
2º VOGAL 1º SUP	JOSE ANTONIO GENDE BOQUETE
2º VOGAL 2º SUP	MARIA CARMEN ESPINEIRA PORTOS
3º SUPL PTE	VERONICA SANDE PARENTE
4º SUPL PTE	ROSA MARIA MOURIÑO GARCIA
3º SUPL 1º VOGAL	JOSE MANUEL BARREIRO GARCIA
4º SUPL 1º VOGAL	JONATHAN QUINTELA RIOS
3º SUPL 2º VOGAL	MARIA DEL CARMEN VEIRA BERMUDEZ
4º SUPL 2º VOGAL	ADRIAN VAZQUEZ FIAÑO
<b>Carral 01-003-A</b>	
PRESIDENTE	ZORAIDA GESTAL SANCHEZ
PRESIDENTE 1º SUP	IVAN CAPELAN SUAREZ
PRESIDENTE 2º SUP	OLEGARIO HERNANDO OVALLE
1º VOGAL	MARCOS GUIMAREY GARCIA
1º VOGAL 1º SUP	MARIA ESTRELLA FUENTES MUIÑO
1º VOGAL 2º SUP	DANIEL GONZALEZ AGILDA
2º VOGAL	GERMAN DOVAL MONTERO
2º VOGAL 1º SUP	MANUEL CORRAL RODRIGUEZ
2º VOGAL 2º SUP	MARIA JOSE BOTANA GARCIA
3º SUPL PTE	RAUL CAPELAN BARBEITO
4º SUPL PTE	ERIK OLIVER BOTANA JIMENEZ
3º SUPL 1º VOGAL	JOSE FRANCISCO BELLO ROMERO
4º SUPL 1º VOGAL	JAVIER CANDAL UCHA
3º SUPL 2º VOGAL	ANA BELEN BARBEITO ESPINO
4º SUPL 2º VOGAL	SERGIO BOUZAS MUIÑO
<b>Carral 01-003-B</b>	
PRESIDENTE	GUILLERMO MARTINEZ REY
PRESIDENTE 1º SUP	DOMINGO VEIRA CUNS
PRESIDENTE 2º SUP	JOSE MANUEL ORDÓÑEZ BLANCO
1º VOGAL	DAVID RESTREBADA BODELO
1º VOGAL 1º SUP	LOURDES REGOS RODIS
1º VOGAL 2º SUP	MARIA CARLOTA MOSCOSO LOPEZ
2º VOGAL	MARIA AMPARO SUAREZ BRANDARIZ
2º VOGAL 1º SUP	PABLO TORRES RODRIGUEZ
2º VOGAL 2º SUP	MARIA DE LA CRUZ MANTEIGA CAAMAÑO
3º SUPL PTE	JOSE MANUEL OTERO MOAR
4º SUPL PTE	MARIA MONTSERRAT MOSQUERA BOGA
3º SUPL 1º VOGAL	LUCIA UGARTE BRANDARIZ
4º SUPL 1º VOGAL	MIGUEL PARDO UZAL
3º SUPL 2º VOGAL	JOSE ANTONIO RIVAS MOAR
4º SUPL 2º VOGAL	VERONICA TABOADA GOMEZ
<b>Carral 02-001-A</b>	
PRESIDENTE	MARIA DEL PILAR MENESES GARCIA
PRESIDENTE 1º SUP	MELINA SANCHEZ PENA
PRESIDENTE 2º SUP	MARIA SILVIA VAZQUEZ MELLA
1º VOGAL	NORMA FERREIRO MOSQUERA
1º VOGAL 1º SUP	MONICA RODRIGUEZ VAZQUEZ
1º VOGAL 2º SUP	RICARDO SEOANE BOTANA
2º VOGAL	ROSA GOMEZ GOMEZ
2º VOGAL 1º SUP	OSCAR CAÑAS BESTILLEIRO



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

2º VOGAL 2º SUP	MARIA NOELIA FERREÑO GALMAN
3º SUPL PTE	MARIA ROSA TRINCADO GARCIA REBULL
4º SUPL PTE	JUAN VECINO BARREIRO
3º SUPL 1º VOGAL	ALICIA RODRIGUEZ VECINO
4º SUPL 1º VOGAL	JULIO SEOANE MUIÑO
3º SUPL 2º VOGAL	ALEJANDRO VAZQUEZ MARTINEZ
4º SUPL 2º VOGAL	JUAN ANTONIO CAMBA MANTEIGA
<b>Carral 02-001-B</b>	
PRESIDENTE	MARIA JOSE VARA MUIÑOS
PRESIDENTE 1º SUP	CRISTINA VARELA PENEDO
PRESIDENTE 2º SUP	REBECA ZAPATA ZUAZAGA
1º VOGAL	M CARMEN MEIJIDE BLANCO
1º VOGAL 1º SUP	MARIA DOLORES BERMUDEZ SEIJAS
1º VOGAL 2º SUP	M MERCEDES MUÑOZ MARTIN
2º VOGAL	ANA CRISTINA CASTRO PIÑERA
2º VOGAL 1º SUP	DAVID RODRIGUEZ PARDO
2º VOGAL 2º SUP	VICENTE MAGAN GARCIA
3º SUPL PTE	VIRGINIA GARCIA RODRIGUEZ
4º SUPL PTE	GUILLERMO RIOS CANDAL
3º SUPL 1º VOGAL	FRANCISCO PARIS TABOADA
4º SUPL 1º VOGAL	GERARDO MONTES TORREIRO
3º SUPL 2º VOGAL	JORGE VAZQUEZ SOUTO
4º SUPL 2º VOGAL	JAVIER TORRALBA FUENTE DE LA
<b>Carral 02-002-U</b>	
PRESIDENTE	MARIA JOSE BUJIA RIVAS
PRESIDENTE 1º SUP	ANTONIO AGUSTIN REGUEIRO RODRIGUEZ
PRESIDENTE 2º SUP	JORGE GARCIA UZAL
1º VOGAL	MARIA LUZ BRAIÑO LOZANO
1º VOGAL 1º SUP	ALEJANDRO GARCIA GARCIA
1º VOGAL 2º SUP	FRANCISCO JAVIER CRESPO BARBEITO
2º VOGAL	ALFREDO CARIDAD CAMPELO
2º VOGAL 1º SUP	PORFIRIA NECTORA ABREU ABREU
2º VOGAL 2º SUP	MARIA ANGELES ALVAREZ CASTRO
3º SUPL PTE	JAVIER BUSTELO SOUTO
4º SUPL PTE	MARIA DEL MAR MOSQUERA BARBEITO
3º SUPL 1º VOGAL	MARIA DEL CARMEN MONTES VARELA
4º SUPL 1º VOGAL	JESUS MUIÑO IGLESIAS
3º SUPL 2º VOGAL	MARIA ELISA CARDOSO RODRIGUEZ
4º SUPL 2º VOGAL	RAUL ULLOA OTERO

**3.-PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DE RATIFICACIÓN DE DECRETO DE CORRECIÓN DE ERRO ARITMÉTICO, EFECTUADO A REQUERIMENTO DA DEPUTACIÓN, NO ANEXO III-B) , QUE AFECTA Á SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+2019”, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

**EXPOSICIÓN**



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 21 de marzo de 2019, como segue:

## **“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO**

**Asunto: Ratificación de decreto de corrección de erro aritmético, efectuado a requirimento da Deputación, no anexo III-b) , que afecta á solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2019”, da Deputación Provincial da Coruña.**

O Pleno do Concello de Carral, na súa sesión extraordinaria realizada o 19 de decembro de 2018 aprobou, entre outras cuestións, a solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2019”, da Deputación Provincial da Coruña.

Logo de presentarse a correspondente solicitude á Deputación Provincial da Coruña o mesmo 19 de decembro de 2018, con data do 07 de febreiro de 2019 o Concello de Carral recibiu senllos requirimentos do ente provincial sobre a documentación presentada telematicamente na convocatoria POS+, polos que solicitaban a corrección de varias deficiencias.

Para poder aprobar as correccións requiridas no tempo outorgado pola Deputación, ditouse o decreto da Alcaldía que se transcribe a continuación:

### **Decreto da Alcaldía 113/2019, do 15 de marzo de 2019.**

#### **“DECRETO DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** CORRECIÓNS NO ANEXO III-B) QUE AFECTAN Á SOLICITUDE DO POS+2019, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

**EXPEDIENTE:** 2019/G003/000115

O Pleno do Concello de Carral, na súa sesión extraordinaria realizada o 19 de decembro de 2018 aprobou, entre outras cuestións, a solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2019”, da Deputación Provincial da Coruña.

Logo de presentarse a correspondente solicitude á Deputación Provincial da Coruña o mesmo 19 de decembro de 2018, con data do 07 de febreiro de 2019 o Concello de Carral recibiu senllos requirimentos do ente provincial sobre a documentación presentada telematicamente na convocatoria POS+:

En relación co expediente 2018000038872 (POS+PROVEDORES/2019) Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2019. Anualidade 2019. (Opcional) **Obxecto:** Pago a provedores 2019, indicaban que: “Revisada a documentación presentada nesta convocatoria, atopáronse as seguintes deficiencias:

- No Anexo III-b), a suma total das facturas presentadas non é 32.615,99 euros senón 32.644,98 euros, polo que deberá corrixirse.

Estas deficiencias deberán ser corrixidas no prazo de 10 días hábiles dende a data de aceptación desta notificación. Para realizar a dita emenda deberá entrar na PLATAFORMA SUBTEL desta deputación coa súa clave de usuario e contrasinal e realizar o trámite en DOCUMENTACIÓN ADICIONAL/ EMENDA.”.

Dado que o devandito erro aritmético no referido informe da Intervención afecta á solicitude xeral, en relación co expediente 2018000034483 (POS+SOLICITUDE/2019) Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2019. Anualidade 2019. Solicitude xeral. Obxecto: Plan de Obras e Servizos (Plan único



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

de concellos) POS+ 2019 indicaban que: "Revisada a documentación presentada nesta convocatoria, atopáronse as seguintes deficiencias:

- No Anexo I, no apartado A "Financiamento do pago a provedores", debe coincidir o importe da achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores co importe total de facturas pendentes de pago con provedores que relaciona a Intervención municipal nun novo Anexo III b) corrixido."

Logo de ver que, con data do 08 de febreiro de 2019, a Interventora do Concello, Noemí González Mato, emitiu un novo anexo III-b) co erro aritmético corrixido, e que foi achegado á Deputación por medio da plataforma SUBTEL nese mesmo día.

Logo de ver que a Deputación, por cambios na súa programación temporal relativa ao Plan, requiriu telefónicamente a achega da corrección do Anexo I antes das 14 horas do 15 de marzo de 2019, segundo o derivado da emenda do referido erro aritmético, e que non teño prevista a convocatoria dunha sesión plenaria con anterioridade á finalización de tal termo.

En uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e do punto 8 do referido acordo plenario ("Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.")

## RESOLVO

**Primeiro.-** Aprobar o traslado á solicitude xeral de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2019", da Deputación Provincial da Coruña da corrección do erro aritmético efectuada no anexo III-b) a requirimento do ente provincial, de xeito que a devandita solicitude definitiva sería como segue:

**"1.-** Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2019"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2019", "achega provincial 2018" e "préstamo provincial 2019":

### A).- Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	32.644,98 €	0 €	32.644,98 €
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0 €	0 €	0 €
<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>32.644,98 €</b>	<b>0 €</b>	<b>32.644,98 €</b>

### B).- Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	90.644,03 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>90.644,03 €</b>

### C).- Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019 Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

<b>Proxecto de mellora de vias na parroquia de Santa Mariña de Beira</b>	119.000,00 €	0 €	119.000,00 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2019</b>	119.000,00 €	0 €	119.000,00 €

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2018</b> (Investimentos financeiramente sostibles)	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
<b>Proxecto de mellora de vias nas parroquias de Tabeaio e Sergude</b>	61.439,00 €	0 €	61.439,00 €
<b>Proxecto de mellora de vias na parroquia de San Vicente de Vigo</b>	51.330,00 €	0 €	51.330,00 €
<b>Proxecto de mellora de vias na parroquia de Santo Estevo de Paleo</b>	52.554,00 €	0 €	52.554,00 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2018</b>	165.323,00 €	0 €	165.323,00 €

<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Préstamo Deputación</b>	<b>Achega Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2019</b>	0 €	0 €	0 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

#### D).-Redución de débeda con entidades financeiras:

<b>Entidade financeira</b>	<b>Número/código do préstamo</b>	<b>Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda</b>
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		0 €

#### E ).- Resumo:

<b>SUBTOTALS</b>		<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Total</b>
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	<b>Achega 2018</b>	32.644,98 €		32.644,98 €
	<b>Achega 2019</b>	0 €		0 €
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2019</b>	90.644,03 €		90.644,03 €
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2019</b>	119.000,00 €	0 €	119.000,00 €
	<b>Achega 2018</b>	165.323,00 €	0 €	165.323,00 €
	<b>Préstamo 2019</b>	0 €	0 €	0 €
<b>D- REDUCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2019</b>	0 €		0 €



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2019</b>	209.644,03 €	0 €	209.644,03 €
	<b>Achega 2018</b>	197.967,98 €	0 €	197.967,98 €
	<b>Préstamo 2019</b>	0 €	0 €	0 €
	<b>TOTAL</b>	407.612,01 €	0 €	407.612,01 €

**2.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
<b>Proxecto de mellora de viais no Concello de Carral (Lamagal a Sandiás, Fornos e Cambela</b>	174.777,18 €
<b>TOTAIS</b>	174.777,18 €

**3.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias (pois xa solicitou os correspondentes permisos sectoriais necesarios).

**4.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

**5.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**6.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións Públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

**7.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**8.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”.

**Segundo.-** Remitir un xustificante desta resolución á Deputación Provincial da Coruña polo medio indicado no seu requirimento.

**Terceiro.-** Elevar este decreto ao Pleno do Concello na primeira sesión que realice, para a súa ratificación e posterior traslado do devandito acordo á Deputación Provincial da Coruña.”.

Á vista de todo o que antecede, segundo as bases que regulan o POS+ 2019 e, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte o seguinte



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## ACORDO

**1.-Ratificar o decreto da Alcaldía 113/2019, do 15 de marzo de 2019 polo que se aprobaron correccións efectuadas a requirimento da Deputación na solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos "POS+2019", da Deputación Provincial da Coruña.**

**2.-Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña.**

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 2/2019, ordinaria, do 27 de marzo de 2019, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por oito votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión e dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión) e coa abstención do señor concelleiro do grupo mixto (ACC/SON).

## DEBATE

Ningún membro da Corporación desexa realizar ningunha observación ao respecto.

## VOTACIÓN E ACORDO

Sometido a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as once señores/as concelleiros/as presentes na sesión (os/as sete señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP e catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión), adoptando os seguintes acordos:

**1.-Ratificar o decreto da Alcaldía 113/2019, do 15 de marzo de 2019 polo que se aprobaron correccións efectuadas a requirimento da Deputación na solicitude de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2019", da Deputación Provincial da Coruña.**

**2.-Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña.**


## **4.-PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE CARRAL AO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA, PROMOVIDO POLA UNIÓN EUROPEA.**

### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 21 de marzo de 2019, como segue:

### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO**

**Asunto: Adhesión do Concello de Carral ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.**



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoña acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors´ Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométese a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe:

- 1).- un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación;
- 2).- unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático;

Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.


O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía e o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, a lo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de mais de 20.000 habitantes.

Coñecedor da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático como Alcalde do Concello de carral (A Coruña) recoñezo que o noso compromiso esixe:

- 1.-Un liderado político forte:



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

- a).-Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos.
- b).-Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas;

2.-Un enfoque territorial integral e intersectorial.

3.-A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados:

- a).-O compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios.
- b).-O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos “prosumers” e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda.

4.-Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, “non regresivas”.


5.-A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética.

6.-Revisar periodicamente ns nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.

Por todo iso, este Concello quere sumarse ao PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello. E para que conste, eu **DJosé Luis Fernández Mourriño**, alcalde desta Corporación, comprométo-me a:

- I.-Reducir as emisións de CO<sub>2</sub> no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.
- II.-Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.
- III.-Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.
- IV.-Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.
- V.-Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.
- VI.-Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea.
- VII.-Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.
- VIII.-Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.
- IX.-Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.

Á vista de todo o que antecede, segundo as bases que regulan o POS+ 2019 e, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

correspondente, adopte os seguintes

## ACORDOS

**1.-A adhesión do Concello de Carral (A Coruña) ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.**

**2.-Facultar ao Alcalde do Concello de Carral (A Coruña) a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.”.**

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 2/2019, ordinaria, do 27 de marzo de 2019, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por oito votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión e dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión) e coa abstención do señor concelleiro do grupo municipal mixto (ACC/SON).

## DEBATE

Ningún membro da Corporación desexa realizar ningunha intervención.

## VOTACIÓN E ACORDO

Sometido a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as once señores/as concelleiros/as presentes na sesión (os/as sete concelleiros/as integrantes do grupo municipal do PP, e os/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión), adoptando os seguintes acordos

**1.-A adhesión do Concello de Carral (A Coruña) ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.**

**2.-Facultar ao Alcalde do Concello de Carral (A Coruña) a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.**

**5.-PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DE DELEGACIÓN NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DE CARRAL RELATIVAS Á CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DE SEU CORPO DE POLICÍA LOCAL E AS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL E AS DE VIXILANTES MUNICIPAIS.**

## EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 21 de marzo de 2019, como segue:

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO**

**Asunto: Delegación na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias do Concello de Carral relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos**



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## **selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía Local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais.**

Logo de ver que a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, prevé nos números 6 e 7 do seu artigo 32 que os concellos lle poderán solicitar á consellería competente a colaboración na realización das probas de selección para o ingreso, ascenso ou promoción aos corpos de policía local na forma que regulamentariamente se estableza e que, así mesmo, a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración.

Logo de ver o desenvolvemento regulamentario de tal previsión legal, realizado mediante o decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local (publicado no DOG 222, do 22 de novembro de 2017), e modificado por medio do decreto 20/2019, do 28 de febreiro (publicado no DOG 49, do 11 de marzo de 2019).

Logo de ver o artigo 2 do devandito decreto, como segue:

*“Artigo 2. Cooperación mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes*

*1.-De acordo co previsto no número 7 do artigo 32 da Lei 4/2007, do 20 de abril, a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración.*

*2.-A cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes dos seus corpos de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou dos postos de vixilantes municipais, de non existir no concello corpo de policía local, requirirá a celebración do oportuno convenio a través da consellería competente en materia de seguridade.*

*3.-Os convenios mencionados no número anterior axustaranse, sen prexuízo do establecido no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no que sexan de carácter básico, ao seguinte contido:*

*a).- O seu obxecto será a delegación polo concello á Administración xeral da Comunidade Autónoma de todas as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso á categoría ou categorías do seu corpo de policía local que se determinen no propio convenio, incluída, de ser o caso, a de auxiliares de policía local ou aos postos de vixilantes municipais, de non existir no concello corpo de policía local.*


*b).- Exceptuaranse, en todo caso, da delegación as competencias relativas ao nomeamento como persoal funcionario en prácticas ou, de ser o caso, como persoal funcionario de carreira, e a contratación como persoal auxiliar de policía local das persoas aprobadas ou que obtivesen praza nos procesos selectivos, polo que o concello se obrigará a efectuar o correspondente nomeamento a favor das devanditas persoas ou a contratalas como persoal auxiliar de policía local, se elixen praza nel.*

*c).- O prazo de vixencia do convenio será de catro anos, prorrogable por igual período de tempo.*

*d).- O concello obrigarse a comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, dentro do prazo que se sinala no seguinte parágrafo, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou dos postos de vixilantes municipais, con determinación expresa da escala e categoría a que pertencen, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.*

*O convenio preverá que esta comunicación se realizará antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, ou antes de que remate o ano natural no caso das prazas de auxiliares de policía local, e que deberá ir acompañada dunha certificación da persoa titular da secretaría do concello na cal se acredite o cumprimento de todos os requisitos legalmente exixidos para a convocatoria das prazas.*

*e).- A Administración xeral da Comunidade Autónoma reservará para si expresamente a posibilidade de non convocar procesos selectivos unitarios cando as prazas comunicadas polos concellos dentro do prazo previsto na alínea anterior non alcancen un número total de:*



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

- Dez, no caso do acceso á categoría de policía polo sistema de quenda libre, así como para a selección de auxiliares de policía local.

- Cinco, en todos os demais casos. O convenio preverá, de non se convocar un proceso selectivo unitario por este motivo, a posibilidade de que os concellos poidan desenvolver por si mesmos o proceso selectivo ou volver comunicar as prazas para o seguinte ano, sempre que o permita o prazo de execución da correspondente oferta de emprego público. Todo isto sen prexuízo da posibilidade de solicitar a colaboración regulada no artigo 3.

f).- O convenio non suporá ningunha obriga económica para o concello e a Administración xeral da Comunidade Autónoma asumirá todos os gastos que comporte a organización dos procesos selectivos unitarios e percibirá, correlativamente, os ingresos derivados das taxas pola participación neles, de acordo co establecido na lexislación de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia."

Logo de ver o modelo de convenio facilitado pola Xunta de Galicia (Academia Galega de Seguridade Pública-AGASP), que se une coma anexo, e, en especial, as cláusulas que regulan o alcance da delegación (3ª), as obrigas da Xunta de Galicia (4ª) e do Concello (5ª) e o financiamento de todos os gastos derivados da xestión e desenvolvemento dos procesos selectivos obxecto do convenio con cargo á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (6ª), e o interese que pode ter a súa suscripción por parte do Concello de Carral.

Á vista de todo o que antecede e, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes

## ACORDOS

**1.-** Delegar na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias do Concello de Carral relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía Local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, por todo o tempo de vixencia do convenio proposto por aquela, cuxo texto se aproba por parte do Concello.

**2.-** Comunicar estes acordos á Xunta de Galicia aos efectos de solicitarlle a aceptación da delegación e a formalización do convenio polo que se instrumentará, nos termos indicados na parte expositiva destes acordos.

**3.-** Facultar ao señor Alcalde para a sinatura do devandito convenio e para a realización de todas as actuacións que destes acordos se deriven.

Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O ALCALDE

José Luis Fernández Mouriño

## ANEXO


**"CONVENIO TIPO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL E AS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL OU AS PRAZAS DE VIXILANTES MUNICIPAIS**

Santiago de Compostela, ... de ... de ...

REUNIDOS

16





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

DUNHA PARTE, D. Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública, actuando en nome e representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude das competencias que ten atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no artigo 8 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública e no artigo 2.2. do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local

DOUTRA, ..., titular da Alcaldía-Presidencia do Concello de..., actuando en nome e representación deste en virtude das competencias que ten atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e facultado para a sinatura deste convenio polo Pleno do Concello, segundo acordo adoptado na sesión de ..., en cumprimento do previsto no artigo 22.1.p) en relación co 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de réxime común]/123.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de gran poboación].

Recoñecéndose ambas as dúas partes con capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento deste convenio,

## EXPOÑEN:

I.- A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 32.7 que "a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración".

En desenvolvemento desta previsión, o artigo 2.2 do Decreto 115/2017 establece que "a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes dos seus corpos de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou dos postos de vixilantes municipais, de non existir no concello corpo de Policía local, requirirá a celebración do oportuno convenio a través da consellería competente en materia de seguridade".

II.- Dentro do devandito marco regulador, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da súa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Academia Galega de Seguridade Pública, desexa cooperar activamente cos concellos de Galicia que dispoñen de corpo de Policía local e das prazas de auxiliares de policía local ou de vixilantes municipais, mediante a asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos devanditos corpos e prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais.

III.- Mediante acordo do Pleno de data ..., adoptado en cumprimento do previsto no artigo 22.1.p) en relación co 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de réxime común]/123.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril [municipios de gran poboación], o Concello de ... delega na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, por todo o tempo de vixencia do presente convenio.

Para instrumentar esta delegación, e de acordo co previsto no artigo 2.3 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, e na lexislación de réxime xurídico do sector público e de réxime local, ambas as dúas partes acordan as seguintes

## CLÁUSULAS:

**PRIMEIRA: Obxecto.**



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

1. Este convenio ten por obxecto instrumentar a delegación polo Concello de ... na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local e as prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais.

2. En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos selectivos para as prazas das diferentes categorías do seu corpo de Policía local e as prazas de auxiliares de policía local e as prazas de vixilantes municipais, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.

3. Para o ano 2018 a delegación realizada polo concello é aceptada pola Administración xeral da Comunidade Autónoma en relación cos procesos selectivos para o acceso mediante o sistema de quenda libre á categoría de policía e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, de acordo coa previsión recollida na alínea a) da disposición adicional única do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

No momento en que a previsión recollida na alínea b) da devandita disposición adicional única se desenvolva para as demais categorías e sistemas de acceso aos corpos de policía local, a delegación realizada polo concello, de ser o caso, con esas outras categorías e sistemas de acceso, é aceptada e producirá plenos efectos, sen precisar novo acordo plenario, debendo o concello comunicar, nos prazos establecidos no Decreto 115/2017, as novas prazas a convocar.

Entrementres non se leve a cabo o referido desenvolvemento, o concello poderá convocar e desenvolver os procesos selectivos das categorías e sistemas de acceso aos que se refire o parágrafo anterior, coa obriga de reservar praza, dentro dos prazos establecidos, nos cursos selectivos de formación ou capacitación para as persoas que resulten aprobadas ou obteñan praza.

## **SEGUNDA: Comunicación á Academia Galega de Seguridade Pública das prazas concretas a convocar e prazo para efectuar a devandita comunicación.**

1. O concello, no momento da sinatura do convenio ou ben nun momento posterior e, en todo caso, antes dos prazos que a continuación se indican, deberá comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, no modelo que se recolle no Anexo I, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais, con determinación expresa da escala e categoría a que pertencen, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.

2. A comunicación deberá ir acompañada dunha certificación da persoa titular da secretaría do concello na cal se acredite o cumprimento de todos os requisitos legalmente esixidos para a convocatoria das prazas, segundo o modelo que se recolle no Anexo II deste convenio.


3. Os prazos para efectuar a devandita comunicación son os seguintes:

- Antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, para o acceso, mediante o sistema de quenda libre, á categoría de policía e as prazas de vixilantes municipais ou para o resto de categorías e sistemas dos corpos de policía local cuxos procesos selectivos unitarios estean habilitados conforme a previsión do apartado b) da disposición adicional única do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

- Antes de que remate cada ano natural para as prazas de auxiliares de policía local

## **TERCEIRA: Alcance da delegación.**

1. A delegación obxecto deste convenio comprende:



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

- a) A aprobación e publicación das convocatorias dos procesos selectivos coas súas bases, así como a aprobación, notificación e publicación de todos os demais actos e resolucións administrativas que dean cobertura xurídica ao desenvolvemento daqueles.
- b) O nomeamento e coordinación dos órganos de selección, incluído o aboamento de todos os gastos derivados da súa actuación.
- c) A recepción das solicitudes de participación e o cobro das correspondentes taxas.
- d) A xestión íntegra da operativa precisa para o desenvolvemento material dos procesos selectivos.
- e) A cualificación das probas selectivas e a aplicación dos correspondentes baremos de méritos.
- f) Se o convenio inclúe a selección do persoal auxiliar de policía local, a xestión das correspondentes listas selectivas nos termos establecidos polo artigo 19 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.
- g) Todas as demais xestións relacionadas coa convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos, coa excepción que se sinala no número seguinte.
- h) A organización dos correspondentes cursos selectivos de formación ou capacitación.

2. Exceptúanse da delegación as competencias relativas ao nomeamento como persoal funcionario en prácticas, ou, de ser o caso, como persoal funcionario de carreira, e a contratación como persoal auxiliar de policía local das persoas aprobadas ou que obtivesen praza nos procesos selectivos.

## **CUARTA: Obrigas da Administración xeral da Comunidade Autónoma.**

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase a aprobar e publicar as convocatorias dos procesos selectivos para o acceso ás categorías do corpo de Policía local comprendidas neste convenio e as prazas de persoal auxiliar de policía local e de vixilantes municipais sempre que as prazas comunicadas para a correspondente categoría e sistema de acceso polos concellos cos cales estean en vigor os preceptivos convenios alcancen o número mínimo total de:


- Dez, no caso do acceso á categoría de policía polo sistema de quenda libre e aos postos de persoal auxiliar de policía local.
- Cinco, en todos os demais casos.

Para a determinación dese número mínimo sumaranse todas as prazas comunicadas antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, ou antes de que remate o ano natural no caso do persoal auxiliar de policía local, salvo o disposto nas cláusulas segunda e décima terceira.

Malia o anterior, a Administración xeral da Comunidade Autónoma resérvase a posibilidade de convocar procesos selectivos unitarios para un número de prazas inferior ao sinalado no parágrafo anterior, nos termos sinalados polos artigos 4.1 e 18.1 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

2. No suposto de non se convocar un proceso selectivo unitario por non se acadar o número mínimo de prazas previsto no número anterior, a consellería competente en materia de seguridade porá inmediatamente en coñecemento do concello dita circunstancia. Este poderá optar entre desenvolver por si mesmo o proceso selectivo ou volver comunicar as prazas para o seguinte ano, sempre que o permita o prazo de execución da correspondente oferta de emprego público.

3. No caso de que o obxecto do convenio comprenda a selección de persoal auxiliar de policía local, a Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase tamén a seleccionar, a través da lista prevista no artigo 19 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, ás persoas precisas para a cobertura das necesidades sobrevidas desta clase de persoal que se comuniquen polo concello no modelo que se establece para o efecto, sempre que na devandita lista existan persoas aptas para a cobertura das prazas



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

ás que se refira a comunicación.

## **QUINTA: Obrigas do concello.**

En virtude deste convenio, o concello asume as seguintes obrigas:

a) Comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, na forma e dentro do prazo que se sinala na cláusula segunda, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de Policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou das prazas de vixilantes municipais que se terán que convocar, con determinación expresa da escala e categoría a que pertencen, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.

b) Nomear como persoal funcionario en prácticas, ou, de ser o caso, como persoal funcionario de carreira, ás persoas aprobadas ou que obtiveron praza nos procesos selectivos ou contratar como persoal auxiliar de policía local ás persoas seleccionadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma, logo de verificar que teñen superado o preceptivo curso de formación.

c) Comunicar inmediatamente á Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública a toma de posesión ou a contratación das persoas mencionadas na alínea anterior.

d) Efectuar os trámites internos necesarios, nos prazos que fixe a Academia Galega de Seguridade Pública, para a incorporación efectiva aos cursos selectivos de formación ou capacitación das persoas aspirantes que superasen o proceso selectivo.

e) Subministrar á consellería competente en materia de seguridade e a Academia Galega de Seguridade Pública toda a información que estas necesiten e demanden consonte o previsto polo Decreto 115/2017, do 17 de novembro, para o cumprimento das obrigas que derivan do presente convenio.

## **SEXTA: Financiamento dos procesos selectivos.**

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma asume o financiamento de todos os gastos derivados da xestión e desenvolvemento dos procesos selectivos obxecto deste convenio, con cargo aos recursos consignados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma percibirá os ingresos derivados das taxas que se establezan pola participación nos procesos selectivos, de acordo co establecido na lexislación de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **SÉTIMA: Comisión de seguimento.**


1. Este convenio será administrado por unha comisión de seguimento composta por dúas persoas designadas por cada parte, que adoptará os acordos por unanimidade.

2. A comisión de seguimento, de acordo co establecido no artigo 49.1.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é o instrumento para o seguimento, vixilancia e control do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes, e exercerá as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.c) e 52.3 daquela.

3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma e o concello comprométese a resolver por mutuo acordo, no seo da comisión de seguimento, cantas diferenzas resulten da interpretación e cumprimento deste convenio, sen prexuízo da competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa para o coñecemento de todas as cuestións e litixios que puidesen xurdir.

## **OITAVA: Vixencia.**

1. Este convenio ten vixencia dende a data da súa sinatura ata un máximo de catro anos de duración



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

2. Con anterioridade á súa finalización, o convenio poderá ser prorrogado, previo acordo escrito das partes, ata completar un período adicional da mesma duración.

3. A finalización da vixencia do convenio non afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.

## **NOVENA: Causas de resolución.**

1. De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, son causas de resolución deste convenio:

a) A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito cun mes de antelación a data na que desexe a finalización do mesmo.

b) O incumprimento das cláusulas do mesmo.

c) O mutuo acordo das partes.

2. A resolución do convenio non afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.

## **DÉCIMA: Modificacións.**

As modificacións deste convenio formalizaranse mediante addenda, cos mesmos requisitos e condicións que se esixen para a aprobación do mesmo.

## **DÉCIMA PRIMEIRA: Publicidade.**

1. En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina Web oficial da devandita subscripción cos seguintes datos básicos:

a) Identificación das partes que interveñen.

b) Importe do financiamento.

c) Data da sinatura.

d) Finalidade.

e) Período de vixencia.

2. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e publicidade referida no número anterior. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

## **DÉCIMA SEGUNDA: Natureza e réxime xurídico.**

1. Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no artigo 6.1 desta.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

2. As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula sétima. De persistir as mesmas resolverá a persoa titular da consellería competente en materia de seguridade e a Xunta de Goberno local do concello, no ámbito das respectivas competencias, poñendo fin á vía administrativa.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade asíñase, por duplicado, no lugar e data arriba indicados.

<p>O Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública</p> <p>Alfonso Rueda Valenzuela</p>	<p>O/A Alcalde/esa</p>
---	------------------------

“

No expediente consta o preceptivo informe da Secretaría do Concello, nº 7/2019, do 25 de marzo de 2019.

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 2/2019, ordinaria, do 27 de marzo de 2019, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por oito votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión e dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión) e coa abstención do señor concelleiro do grupo municipal mixto (ACC/SON).

### DEBATE

Ningún membro da Corporación desexa realizar ningunha intervención.

### VOTACIÓN E ACORDO

Sometido a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as once señores/as concelleiros/as presentes na sesión (os/as sete concelleiros/as integrantes do grupo municipal do PP, e os/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación esixida polo artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 02 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptando os seguintes acordos:

**1.-** Delegar na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias do Concello de Carral relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Local e as prazas de auxiliares de policía local e as de vixilantes municipais, por todo o tempo de vixencia do convenio proposto por aquela, cuxo texto se aproba por parte do Concello.

**2.-** Comunicar estes acordos á Xunta de Galicia aos efectos de solicitarlle a aceptación da delegación e a formalización do convenio polo que se instrumentará, nos termos indicados na parte expositiva destes acordos.

**3.-** Facultar ao señor Alcalde para a sinatura do devandito convenio e para a realización de todas as actuacións que destes acordos se deriven.

## **PARTE DA SESIÓN DE CONTROL DOS DEMAIS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN**

### **6.-DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E, NO SEU CASO, DE REPAROS DA INTERVENCIÓN DO CONCELLO.**

O señor Alcalde expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os seguintes decretos ditados pola Alcaldía entre o 28 de xaneiro de 2019 e o 27 de marzo de 2019 (dende a anterior sesión ordinaria do Pleno, até a convocatoria da presente sesión plenaria), dos que se deu conta ao Pleno.

Asemade, dáse conta de tres reparos suspensivos da Intervención do Concello, e das respectivas resolucións (nº 35/2019,61/2019 e 85/2019) adoptadas pola Alcaldía contrarias a aqueles, polos motivos que nelas se indican, en cumprimento do establecido no artigo 218 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, na súa redacción outorgada polo artigo 2.3 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Nº	DATA	ASUNTO
31/2019	28/01/2019	ASUNTO: CONVOCATORIA SESIÓN 1/2019, ORDINARIA, DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (29-1-2019)
32/2019	29/01/2019	ASUNTO: COMUNICACIÓN DE ACCIDENTALIDADE DA SECRETARÍA DO CONCELLO POR AUSENCIA DO TITULAR POR PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES OS DÍAS 04 E 05 DE FEBREIRO (EN LUGAR DO 29 E 30 DE XANEIRO) DE 2019
33/2019	29/01/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DE BASES E INICIO DE PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DUN/HA TRABALLADOR/A PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE CARRAL (CON CATEGORÍA PROFESIONAL DE EDUCADOR/A SOCIAL, A XORNADA COMPLETA, NA MODALIDADE CONTRACTUAL DE OBRA OU SERVIZO DETERMINADO ATA A INCORPORACIÓN DA TITULAR DO POSTO)
34/2019	30/01/2019	ASUNTO: CONCESIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA) A D. MANUEL LÓPEZ MARTÍNEZ
35/2019	30/01/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DE NÓMINAS MENSUAIS DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE CARRAL CORRESPONDENTES AO MES DE XANEIRO DE 2019 PREVIO LEVANTAMENTO DO REPARO SUSPENSIVO



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

		1/2019
36/2019	30/01/2019	ASUNTO:TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 15889/2018 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
37/2019	30/01/2019	ASUNTO:EXPEDIENTE LIMPIEZA DE PREDIOS 1/2019
38/2019	31/01/2019	ASUNTO:SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA (PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA) DE SUBVENCIÓN PARA A OBRA PROXECTO DE INSTALACIÓN DE PARQUE INFANTIL NO LUGAR DE ABRIGOSA, S/Nº, SAN VICENTE DE VIGO, CARRAL (A CORUÑA) (SUBVENCIÓN PARA A CREACIÓN E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓN, INSTALACIÓN E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS DESTINADAS A CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2019).
39/2019	01/02/2019	ASUNTO:SOLICITUDE Á EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE SUBVENCIÓN PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE CARRAL AO ABEIRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓN PROVINCIAIS DIRIXIDA A CONCELLOS, AGRUPACIÓN DE CONCELLOS, MANCOMUNIDADES E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS PARA A CREACIÓN, MANTEMENTO E REFORZO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, ANO 2019 (FONL/2019).
40/2019	01/02/2019	ASUNTO:CONCESIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA) A DONA. OBDULIA RODRÍGUEZ SÁNCHEZ
41/2019	01/02/2019	ASUNTO:CONCESIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA) A D. JOSÉ GENDE CANDAL
42/2019	01/02/2019	ASUNTO:APROBACION E PAGAMENTO DE LIQUIDACIONES A DIPUTACION PROVINCIAL DO CONSORCIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA
43/2019	01/02/2018	ASUNTO:SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA (ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA) DE SUBVENCIÓN PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS AO ABEIRO DA ORDE DO 12 DE DECEMBRO DE 2018-FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL APROL RURAL 2019
44/2019	01/02/2019	ASUNTO:APROBACION E PAGAMENTO DA AUTOLIQUIDACIÓN TAXA AUTORIZACIÓN VIAS PROVINCIAIS PERIODO 2019.- MELLORA VIAS
45/2019	06/02/2019	ASUNTO:TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000017491 ACUERDO INICIO 9BIS ACUERDO INICIO NO IDENTIFICACIÓN CONDUCTOR
46/2019	06/02/2019	ASUNTO:APROBACIÓN E PAGAMENTO DA FRANQUICIA DA PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL Nº 1331700004382 SUSCRITA CON REALE SEGUROS GENERALES S.A NO SINISTRO DE REFERENCIA Nº 13311815001269.
47/2019	06/02/2019	ASUNTO:APROBACIÓN E PAGAMENTO DA FRANQUICIA DA PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL Nº 1331700004382 SUSCRITA CON REALE SEGUROS GENERALES SA NO SINISTRO DE REFERENCIA Nº 1331915000169
48/2019	06/02/2019	ASUNTO:LIQUIDACIÓN DE PREZO PÚBLICO POR ESCOLAS CULTURAIS E DEPORTIVAS (FEBREIRO 2019)
49/2019	07/02/2019	ASUNTO:SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE SUBVENCIÓN (CONTRATACIÓN DO TÉCNICO DEPORTIVO MUNICIPAL ANO 2019) AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓN A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA CONTRATAR PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO DURANTE O ANO 2019 (FO106/2019).
50/2019	07/02/2019	ASUNTO:RESOLUCION ESTIMATORIA DE ALEGACIONES DE EXPEDIENTES SANCIONADORES DE TRÁFICO, EST-2018-3
51/2019	07/02/2019	ASUNTO:APROBACIÓN DE GASTO CORRESPONDIENTE AL CONTRATO MENOR PARA O SUMINISTRO DE SOBRES PERSONALIZADOS DO CONCELLO DE CARRAL.
52/2019	07/02/2019	ASUNTO:EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 1/2019, XERACIÓN DE CRÉDITOS 1/2019
53/2019	08/02/2019	ASUNTO:SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA (ECONOMÍA, EMPREGO E





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

		INDUSTRIA) DE SUBVENCIÓN PARA O SERVIZO DE PROTECCIÓN CIVIL, MEDIOAMBIENTAL E DE SEGURIDADE CIDADÁ AO ABEIRO DA ORDE DO 12 DE DECEMBRO DE 2018 SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS 2019 .
54/2019	08/02/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE LIMPIEZA DE PREDIOS 2/2019
55/2019	08/02/2019	ASUNTO:CONVOCATORIA SESIÓN 2/2019, ORDINARIA, DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (11-2-2019)
56/2019	11/02/2019	ASUNTO:CONCESIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA) A D <sup>a</sup> M <sup>a</sup> LUISA FERREIRO MOURIÑO.
57/2019	11/02/2019	ASUNTO:CONCESIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA) A D <sup>a</sup> M <sup>a</sup> CARMEN GALMÁN VÁZQUEZ.
58/2019	11/02/2019	ASUNTO:LIQUIDACIÓN DE TAXA POR ABOAMENTOS COMPLEXO DEPORTIVO (FEBREIRO DE 2019)
59/2019	11/02/2019	ASUNTO:CONCESIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA) A D.D. MANUEL RODRÍGUEZ CALVÍN.
60/2019	11/02/2019	ASUNTO:LIQUIDACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR-PRESTACIÓNS DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA DECEMBRO DE 2018
61/2019	12/02/2019	ASUNTO:APROBACION DE FACTURAS E LEVANTAMENTO DO REPARO SUSPENSIVO 2/2019, EMITIDO POR LA INTERVENCIÓN MUNICIPAL
62/2019	12/02/2019	ASUNTO: INICIACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LA OBRA REFORMA CONTORNA MONUMENTO AOS MÁRTIRES DE CARRAL (FINANCIADA AL 100%- 82.187,08 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + 2018) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA)
63/2019	12/02/2019	ASUNTO: INICIACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LA OBRA AMPLIACIÓN PONTE SOBRE O RÍO BREXA NA ESTRADA MUNICIPAL ENTRE O LUGAR DA CALLE E O LUGAR DO PENEDO (CARRAL-A CORUÑA) (FINANCIADA AL 100%- 69.945,91 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL.PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + ADICIONAL 1/2018) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).
64/2019	12/02/2019	ASUNTO: INICIACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LA OBRA ADECUACIÓN E REFORMA PAVILLÓN DEPORTIVO MUNICIPAL O ESPÍÑO (FINANCIADA AL 100%- 54.182,20 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL.PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + ADICIONAL 1/2018) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).
65/2019	13/02/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 2/2019, XERACIÓN DE CRÉDITOS 2/2019
66/2019	13/02/2019	ASUNTO:EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 3/2019
67/2019	14/02/2019	ASUNTO:APROBACIÓN DE GASTO CORRESPONDIENTE AO CONTRATO MENOR DE OBRA PARA A MELLORA DO PASO DE PEÓNS NA AVENIDA DOS MÁRTIRES, 17
68/2019	14/02/2019	ASUNTO:SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE SUBVENCIÓN PARA O PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS NO ANO 2019 AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS NO ANO 2019.
69/2019	15/02/2019	AUNTO:APROBACIÓN E PAGAMENTO DA FRANQUICIA DA PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL Nº 1331700004382 SUSCRITA CON REALE SEGUROS GENERALES SA NO SINISTRO DE REFERENCIA Nº 1331915002301
70/2019	15/02/2019	ASUNTO:APROBACION DO GASTO CORRESPONDENTE AO CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DE MATERIAL DE LIMPEZA E ASEO AOS DISTINTOS CENTROS MUNICIPAIS




## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

71/2019	15/02/2019	ASUNTO: INICIACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LA OBRA PAVEMENTACIÓN E BEIRARRÚAS RÚAS EN PALEO (CORRESPONDENTE ÁS RÚAS RÍO DA MELRA, ALCALDE FRANCISCO XAVIER ALVAJAR, MANUEL FERROL E MANUEL JESÚS MÉNDEZ BÚA, EN PALEO, CARRAL (FINANCIADA AL 100%- 198.304,46 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + 2018) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).
72/2019	16/02/2019	ASUNTO:AMPLIACION NA PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DONA OBDULIA RODRIGUEZ SANCHEZ
73/2019	18/02/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DA RELACIÓN PROVISIONAL DE CANDIDATOS/AS ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DUN/HA EDUCADOR/A SOCIAL PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS.
74/2019	19/02/2019	ASUNTO:SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SOCORRISMO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE CARRAL.- VERÁN 2019, AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SOCORRISMO DIRIXIDO A CONCELLOS DO INTERIOR DA PROVINCIA DA CORUÑA DE MENOS DE 50.000 HABITANTES DURANTE O ANO 2019. (FO023B)
75/2019	19/02/2019	ASUNTO:VARINCA: INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE APELACIÓN CONTRA O AUTO 9/2019, DO TRINTA E UN DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZANOVE, DITADO POLO XULGADO COTENCIOSO/ADMINISTRATIVO Nº 2 DA CORUÑA NO PROCEDEMENTO DE EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 20/2017 (PO 72/2013) E DESIGNACIÓN LETRADO.
76/2019	20/02/2019	ASUNTO:EXPEDIENTE FORESTALES 4/2019
77/2019	21/02/2019	ASUNTO:INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 27 (ROTTWEILLER- YARA-CARLOS LAMAS BERMÚDEZ )
78/2019	21/02/2019	ASUNTO:TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000017567 ACUERDO INICIO
79/2019	22/02/2019	ASUNTO:APROBACIÓN RELACIÓN DEFINITIVA DE CANDIDATOS/AS ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL E FIXACIÓN DO DÍA, LUGAR E HORA DA ÚLTIMA FASE DO CONCURSO (ENTREVISTA PROFESIONAL) PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE UN/HA DE EDUCADOR/A SOCIAL.
80/2019	25/02/2019	ASUNTO:APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE AO CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DE MATERIAL DE OFICINA Á CASA DE CULTURA DE CARRAL.
81/2019	25/02/2019	ASUNTO:APROBACION DO GASTO DO CONTRATO MENOR PARA TINTA DE IMPRESORA PARA O DEPARTAMENTO DE SECRETARIA.
82/2019	25/02/2019	ASUNTO:SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA (MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA) DE SUBVENCIÓN PARA A OBRA FONTE NA PRAZA DA FEIRA AO ABEIRO DA ORDE DO 21 DE DECEMBRO DE 2018 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E SE CONVOCAN SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS Á CREACIÓN OU MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NOS CONCELLOS DE GALICIA CON POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES, PARA O ANO 2019 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO MT300A).
83/2019	25/02/2019	ASUNTO:EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 4/2019
84/2019	26/02/2019	ASUNTO:APROBACIÓN DE NÓMINAS MENSUAIS DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE CARRAL CORRESPONDENTES AO MES DE FEBREIRO DE 2019.
85/2019	27/02/2019	ASUNTO:APROBACION DE FACTURAS E LEVANTAMENTO DO REPARO SUSPENSIVO 3/2019, EMITIDO POR LA INTERVENCIÓN MUNICIPAL.
86/2019	27/05/2019	ASUNTO:AUTORIZACIÓN DO PAGAMENTO A XUSTIFICAR Nº 3/2019.
87/2019	27/02/2019	ASUNTO:CONVOCATORIA SESIÓN 3/2019, ORDINARIA, DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (28-2-2019)



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

88/2019	28/02/2019	ASUNTO:CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE A D. VLADIMIR LITVIKH
89/2019	28/02/2019	ASUNTO:SOLICITUDE Á AGADER DE SUBVENCIÓN PARA A OBRA PROYECTO DE MEJORA DE CAMINOS MUNICIPALES EN CAÑÁS Y SAN VICENTE DE VIGO AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 28 DE DECEMBRO DE 2018 PARA A CONCESIÓN DIRECTA, MEDIANTE RESOLUCIÓN, DAS AXUDAS CORRESPONDENTES AO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019-2020
90/2019	28/02/2019	ASUNTO:OUTORGAMENTO Á ASOCIACIÓN PEDAGÓXICA WALDORF CORUÑA (APWC) DE CONCESIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PARA USO PRIVATIVO DA ANTIGA ESCOLA UNITARIA DE HERVES PARA INSTALACIÓN DUNHA LUDOTECA.
91/2019	01/03/2019	ASUNTO:EXPEDIENTE FORESTALES 5/2019
92/2019	01/03/2019	ASUNTO:SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA (CONSELLARÍA DE POLÍTICA SOCIAL) DE SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO MOCIDADE EN FORMACIÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 28 DE DECEMBRO DE 2018 POLA QUE SE APROBAN AS BASES QUE REXEN AS SUBVENCIÓNS DESTINADAS ÁS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS LOCAIS DIRIXIDAS Á MOCIDADE DURANTE O ANO 2019, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA.
93/2019	01/03/2019	ASUNTO:EXPEDIENTE FORESTALES 6/2019
94/2019	06/03/2019	ASUNTO: TOMA DE RAZÓN DO INFORME EMITIDO POLO XEFE DO SERVIZO DE MOBILIDADE SOBRE A SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO NA LICENZA MUNICIPAL Nº 10 E AUTORIZACIÓN VT-N PRESENTADA POR D. DARIE ALEXANDRU VALER NO CONCELLO DE CARRAL E AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA ADSCRIBIR UN NOVO VEHÍCULO Á MENCIONADA LICENZA MUNICIPAL.
95/2019	06/03/2019	ASUNTO:TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000017641 ACUERDO INICIO
96/2019	06/03/2019	ASUNTO:TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000017640 ACUERDO INICIO 9BIS ACUERDO INICIO NO IDENTIFICACIÓN CONDUCTOR
97/2019	07/03/2019	ASUNTO:CONTRATACIÓN DA PRIMEIRA CANDIDATA NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DUNHA EDUCADORA SOCIAL, NA MODALIDADE, CONDICIÓNS E DURANTE O TEMPO INDICADO NAS BASES APROBADAS NO DECRETO 33/2019 DO 29 DE XANEIRO DE 2019
98/2019	08/03/2019	ASUNTO.APROBACIÓN DE GASTO CORRESPONDENTE AO CONTRATO MENOR PARA A CONTRATACIÓN DA LIGA DE FÚTBOL SALA CAMBRE-CARRAL DE MARZO ATA XUÑO 2019.
99/2019	11/03/2019	ASUNTO: LIQUIDACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR-PRESTACIÓNS DE DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA XANEIRO DE 2019.
100/2019	12/03/2019	ASUNTO:AGRUPACIÓN COS CONCELLOS DE CERCEDA E TORDOIA PARA A SOLICITUDE DUNHA AXUDA Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA AO ABEIRO DA ORDE DO 10 DE XANEIRO DE 2019 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL NO EXERCICIO 2019.
101/2019	12/03/2019	ASUNTO:EXPEDIENTE FORESTALES 7/2019
102/2019	12/03/2019	ASUNTO:EXPEDIENTE LIMPIEZA DE PREDIOS 5/2019
103/2019	12/03/2019	ASUNTO:LIQUIDACIÓN DE PREZO PÚBLICO POR ESCOLAS CULTURAIS E DEPORTIVAS (MARZO 2019)
104/2019	12/03/2019	ASUNTO:LIQUIDACIÓN DE TAXA POR ABOAMENTOS COMPLEXO DEPORTIVO (MARZO DE 2019)
105/2019	13/03/2019	ASUNTO:AUTORIZACIÓN DO PAGAMENTO A XUSTIFICAR N.º 4/2019
106/2019	14/03/2019	ASUNTO:SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL




# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

		MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES ANUALIDADE 2019
107/2019	14/03/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DA 2ª LIQUIDACIÓN 2018- RÉXIME DE COFINANCIACIÓN PARA AS ESCOLAS INFANTÍS XESTIONADAS A TRAVÉS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR
108/2019	14/03/2019	ASUNTO: ADQUISICIÓN ONEROSA DA PARCELA 54 DO POLÍGONO 15, REFERENCIA CATASTRAL 15021A015000540000RW), PROPIEDADE DOS IRMÁNS JOSÉ MANUEL, JOSÉ ANTONIO, MARÍA ROSA, Mª DEL CARMEN E MARÍA CONCEPCIÓN LÓPEZ BUJÁN.
109/2019	15/03/2019	ASUNTO: RESOLUCIÓN DE INICIO PARA LA CELEBRACIÓN DE CONTRATO BASADO EN EL ACUERDO MARCO PARA CONTRATACIÓN DEL SUMINISTRO DE GAS NATURAL OR LA CENTRAL DE CONTRATACIÓN FEMP
110/2019	15/03/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 8/2019
111/2019	15/03/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 9/2019
112/2019	15/03/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 10/2019
113/2019	15/03/2019	ASUNTO: CORRECCIONES NO ANEXO III-B QUE AFECTA A SOLICITUDE DO POS+2019 DA DEPUTACIÓN
114/2019	15/03/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 11/2019
115/2019	15/03/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 12/2019
116/2019	15/03/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 13/2019
117/2019	15/03/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 14/2019
118/2019	15/03/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE AO CONTRATO MENOR PARA A ORGANIZACIÓN DO TORNEO MAIS EXHIBICIÓN DE XIMNASIA RÍTMICA.
119/2019	18/03/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 15/2019
120/2019	18/03/2019	ASUNTO: APROBACIÓN DE PROXECTO CORRIXIDO A REQUISITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DA SEGURIDADE PEONIL NO CONCELLO DE CARRAL, MEDIANTE A FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE TAL ENTE PROVINCIAL E O CONCELLO DE CARRAL PARA FINANCIAR A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA.
121/2019	20/03/2019	ASUNTO: APROBACIÓN MARCOS ORZAMENTARIOS PARA O PERÍODO DO 2020-2022
122/2019	20/03/2019	ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADJUDICACIÓN PARA LA CELEBRACIÓN DEL CONTRATO BASADO EN EL ACUERDO MARCO PARA LA CONTRATACIÓN DEL GAS NATURAL POR LA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DE LA FEMP.
123/2019	21/03/2019	ASUNTO: TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000017724 ACUERDO INICIO
124/2019	21/03/2019	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO 2/2019, ORDINARIA, 27-3-2019
125/2019	26/03/2019	ASUNTO: ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE LA OBRA REFORMA CONTORNA MONUMENTO AOS MÁRTIRES DE CARRAL (FINANCIADA AL 100%- 82.187,08 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + 2018) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA)
126/2019	26/03/2019	ASUNTO: ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE LA OBRA AMPLIACIÓN PONTE SOBRE O RÍO BREXA NA ESTRADA MUNICIPAL ENTRE O LUGAR DA CALLE E O LUGAR DO PENEDO (CARRAL-A CORUÑA) (FINANCIADA AL 100%- 69.945,91 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + ADICIONAL 1/2018) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).
127/2019	26/03/2019	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 37/ 2018 (RESOLUCIÓN SIN



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

128/2019	26/03/2019	ALEGACIONES DE LOS INTERESADOS AL INICIO DEL EXPEDIENTE) ASUNTO:INSCRIPCIÓN CAN EN REXISTRO ANIMAIS DE COMPAÑÍA 1/2019 ( Nº 102 EXP R.P. GARA- JUAN JOSÉ BERMÚDEZ BERGONDO)
129/2019	27/03/2019	ASUNTO:CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 2/2019, ORDINARIA, 01 DE ABRIL DE 2019

## 7.-MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.

O señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) e, dado que ningún voceiro dos grupos municipais que compoñen a Corporación desexa facelo, pásase a tratar o seguinte punto da orde do día.

## 8.-ROGOS E PREGUNTAS.

### 8.1.-Rogos e preguntas do señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE)

1.- O señor Couto manifesta que se enviaron cartas á veciñanza de San Vicente e Sergude para a instalación de placas cos números das casas e pregunta se este tipo de gastos é legal e, se for así, por qué non se fai para todas as parroquias.

### 8.2.-Respostas do señor Alcalde

O señor Alcalde resposta que se enviaron as devanditas comunicacións para a sinalización do municipio a dúas parroquias segundo as posibilidades orzamentarias deste exercicio, e que tal actuación de numeración das casas deriva das competencias en materia de estatística e urbanismo do Concello. Ademais, clarexa que unha empresa colocará as placas en breve.

O señor Couto explica que preguntou á Interventora se a partida correspondente é legal e que ela lle indicou que existe un baleiro ao respecto. Manifesta que, na súa opinión, as competencias legais do Concello abranguen a sinalización do rueiro, mais non as placas de número de cada casa, que considera que son elementos particulares que cada un pode instalar co formato que se adapte ao respectivo gusto. Pregunta se a señora Interventora se pode pronunciar sobre se é legal tal gasto, ao que ela resposta que se refire a unha competencia municipal, mais que hai un baleiro en canto á regulación do suposto concreto.

O señor Couto pregunta se as placas dos vaos se cobran e opina que se podería establecer unha taxa para cobrar as placas ás que se refire.

O señor Alcalde resposta que se cobran os vaos, e explica que a numeración das casas xa se fixo do mesmo xeito uniforme, por exemplo, en Carballo e na Laracha, e manifesta que non se parou a pensar sobre o detallada legalidade ao respecto, xa que



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

entende que é un servizo para os vecinos e para Correos, que demanda continuamente que se sinalen ben os números das casas. Engade que, hai uns días, foi á Laracha de pesca e que comprobou que os números das vivendas, con indicación da parroquia, están indicados alí en placas uniformes, e que lle parece unha boa idea.

Ás **12:19** horas, o Sr. Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

José Luis Fernández Mouriño

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval